

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 28.09.2018      Hora: 10:30

24 SET. 2018

Núm. 11274

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de setembro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- 1.1 36362 (10/POC-005792)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis  
Sobre as principais novidades que presenta a programación da CRTVG na tempada iniciada no mes de setembro de 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018*
- 1.2 33823 (10/POC-005299)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre o proceso informativo aberto contra unha xornalista da TVG pola súa participación nunha gala benéfica  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*
- 1.3 34332 (10/POC-005454)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel  
Sobre os motivos polos que a CRTVG ordenou a incoación dun expediente disciplinario á presentadora Beatriz Moyano de Beca  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*
- 1.4 34633 (10/POC-005483)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula  
Sobre a actuación da Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación co expediente informativo aberto a unha periodista da empresa  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*

24 SET. 2018

Núm. 11274

- 1.5 34157 (10/POC-005425)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula  
Sobre o tratamento da información da CRTVG respecto dos acontecementos ocorridos o día 31 de xullo de 2018 na praza do Toural  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*
- 1.6 35910 (10/POC-005722)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as razóns da dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia para decidir a supresión do programa "Parlamento" da grella da TVG  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018*
- 1.7 35940 (10/POC-005730)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as razóns da inclusión exclusivamente do presidente da Fundación Francisco Franco na programación inicial de entrevistas do programa da Televisión de Galicia "Bos días" do 30 de agosto de 2018, no que se ía tratar o asunto da exhumación dos restos do ditador  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno, na data 24/09/2018 14:05:12**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      36362(10/POC-005792)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as principais novidades que presenta a programación da  
CRTVG na tempada iniciada no mes de setembro de 2018

*Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2018 09:30  
Nº Rexistro: 36362  
Data envío: 12/09/2018 09:24:54.766

## A Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Moisés Rodríguez Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**.

Os medios de comunicación públicos que compoñen a CRTVG teñen un papel fundamental na sociedade galega de cara á construción da nosa identidade, á normalización do noso idioma e ao coñecemento da nosa terra. A programación da corporación cumpre unha importante función de servizo público, e por ese motivo os contidos e a súa calidade son fundamentais para satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, así como garantir o pluralismo e promover o emprego do galego.

Ademais, a CRTVG é un grande promotor e tamén escaparate da ficción feita en Galicia e en galego, amosando cada ano un grande compromiso co sector audiovisual da nosa comunidade, producindo, emitindo e exportando creacións galegas de éxito.

As canles da CRTVG, como medios públicos, deben ofrecer unha panorámica global da nosa sociedade, con contidos xeralistas e para todos os públicos, pero tamén teñen que apostar polos contidos especializados, prestando atención a todos os colectivos, tendo en conta as súas demandas, e implicando aos galegos e ás galegas nun proxecto de radio e televisión no que se sintan representados.

A programación da corporación vén mantendo esta liña nos últimos anos, apostando ademais por unha renovación e modernización constantes, sempre en equilibrio con espazos de continuidade e mesmo históricos da CRTVG. Os contidos radiofónicos e televisivos adáptanse á actualidade, aos cambiantes contextos e realidades sociais, así como aos novos competidores e desafíos mediáticos.

Do mesmo xeito, a CRTVG afronta neste 2018 unha etapa de cambios estruturais que afectan ao funcionamento interno da corporación debido a un ambicioso e complexo proceso de dixitalización. Unha transición cara a tecnoloxía dixital que abarca dende os sistemas de almacenaxe e arquivado do material audiovisual ata os procesos de produción e edición de noticias e pezas da área de informativos.



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/09/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 36362**  
Data envío: 12/09/2018 09:24:54.766

Un paso de xigante para deixar atrás o sistema analóxico e avanzar cara unha dixitalización plena, que facilitará o traballo aos profesionais e permitirá a emisión en HD, favorecendo unha maior produtividade e competitividade, e abrindo novas posibilidades para a oferta de programación.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as principais novidades da programación da CRTVG na temporada iniciada no mes de setembro de 2018?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/09/2018 09:23:01**

**Maria Antón Vilasánchez na data 12/09/2018 09:23:10**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 12/09/2018 09:23:19**

**Jaime Castiñeira Broz na data 12/09/2018 09:23:31**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 12/09/2018 09:23:38**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/09/2018 09:23:51**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 12/09/2018 09:23:59**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2        33823(10/POC-005299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o proceso informativo aberto contra unha xornalista da  
TVG pola súa participación nunha gala benéfica

*Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/07/2018 13:01  
Nº Rexistro: 33823  
Data envío: 27/07/2018 13:01:43.513

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o proceso informativo aberto contra unha xornalista da TVG pola súa participación nunha gala benéfica

A CRTVG abriu un “proceso informativo” contra unha traballadora da TVG após participar esta nunha gala benéfica organizada o 22 de xuño pola Asociación Española Contra o Cancro (AECC) en Compostela.

De acordo coas declaracións da propia Corporación ao medio *Praza Pública* ese “proceso informativo” teríase iniciado diante dun posíbel “incumprimento” da xornalista das normas que regulan o uso dos medios públicos. Porén, desde o cadro de persoal rexeitan esa versión e aseguran que, ademais de cumprir co protocolo á hora de comunicar á empresa a súa participación na gala, ao se tratar dunha actividade non remunerada non supón un incompatibilidade algunha de acordo co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Neste senso, compañeiras e compañeiros da traballadora trasladaron á dirección da CRTVG un escrito no que amosan a súa solidariedade coa xornalista e demandan a elaboración dun “protocolo claro de actuación” no que se recolla o procedemento a seguir á hora de participar en eventos benéficos, toda vez que, sinalan, en anteriores ocasións ningunha persoa traballadora foi apercibida por idéntica participación.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/07/2018 13:01**  
**Nº Rexistro: 33823**

Data envío: 27/07/2018 13:01:43.513

Desde o Grupo Parlamentar do BNG non podemos obviar o feito de que a traballadora apercibida apoie de maneira pública as demandas do cadro de persoal da CRTVG que reclaman o desenvolvemento e cumprimento efectivo da Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza, nomeadamente a elaboración do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos. Así mesmo, trátase dunha das dúas persoas presentadoras do Telexornal Serán que renunciaron a continuar presentando o espazo pola súa discrepancia coa liña informativa.

Por todo o anterior, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- Apercibiu a CRTVG unha traballadora por participar na gala benéfica da AECC que tivo lugar o 22 de xuño en Compostela?
- De ser así, cales foron as razóns para iniciar un proceso informativo contra ela e as consecuencias do mesmo?
- Iniciou un proceso semellante a CRTVG nalgunha outra ocasión polos mesmos motivos?
- Pensa atender a CRTVG a solicitude trasladada polo cadro de persoal de redactar un protocolo claro de actuación a respecto da colaboración e/ou participación de xornalistas en eventos benéficos?
- O proceso iniciado contra esta traballadora está relacionado coa súa participación pública nos #VenresNegrosCRTVG?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/07/2018 13:01**  
**Nº Rexistro: 33823**  
Data envío: 27/07/2018 13:01:43.513

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/07/2018 13:00:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2018 13:00:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2018 13:00:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/07/2018 13:00:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2018 13:00:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2018 13:00:42**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3        34332(10/POC-005454)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os motivos polos que a CRTVG ordenou a incoación dun  
expediente disciplinario á presentadora Beatriz Moyano de  
Beca

*Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/08/2018 12:22  
Nº Rexistro: 34332  
Data envío: 06/08/2018 12:22:12.285



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

Recentemente coñeciamos que a Corporación de Radio e Televisión de Galicia ordenou a incoación dun expediente disciplinario á presentadora Beatriz Moyano De Beca, popularmente coñecida coma Tati Moyano, por supostamente usar medios do ente público para participar en actos alleos á cadea.

En concreto, a compañía di ter coñecemento de que nunha gala benéfica da AECC celebrada o 22 de xuño no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela, a presentadora empregou servizos e medios materiais e humanos da CRTVG para a presentación de dita gala, concretamente o servizo de maquillaxe e os servizos externos de perruqueira e vestiario. Curiosamente, na súa intervención neste evento, Tati Moyano fixo alusión ás mobilizacións que dende hai meses realizan os traballadores e traballadoras da TVG e outros medios públicos, como a TVE, contra a manipulación informativa.

Non era a primeira vez que esta traballadora se posicionaba publicamente a favor da pluralidade e a imparcialidade nos medios públicos e contra a férrea manipulación informativa imposta pola actual directiva da CRTVG, chegando incluso o pasado mes de xuño a presentar a súa dimisión xunto ao seu compañeiro Alfonso Hermida como presentadores do Telexornal Serán por discrepancias coa liña informativa.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión :

1. Cales son os motivos reais polos que a CRTVG ordenou a incoación dun expediente disciplinario á presentadora Beatriz Moyano De Beca?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/08/2018 12:22  
Nº Rexistro: 34332  
Data envío: 06/08/2018 12:22:12.285



---

**Grupo Parlamentario**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

2. Considera que, de se teren cometido os feitos que relata a CRTVG, a actuación da corporación é proporcionada?
3. Ten previsto a Corporación continuar coa tramitación deste expediente?
4. Vai a CRTVG a aplicar algunha medida das contempladas no réxime disciplinario establecido no Convenio Colectivo?

Pazo do Parlamento, 6 de agosto de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/08/2018 12:17:50**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/08/2018 12:18:00**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4        34633(10/POC-005483)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a actuación da Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación co expediente informativo aberto a unha periodista da empresa

*Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.

O Partido Popular de Feijóo ten secuestrada a CRTVG e non admite que ninguén o desafíe. Así o demostra a persecución infame que está a sufrir Beatriz Moyano, a periodista que dimitiu o pasado mes de xuño do Telexornal Serán en protesta polo control político ao que está sometida a televisión pública.

A CRTVG abriu un expediente informativo a Moyano porque entende que empregou medios públicos da canle para participar nunha gala benéfica contra o cancro celebrada o 22 de xuño en Compostela. A Corporación acusa á periodista de ter usado o seu servizo de maquillaxe para acudir ao acto, algo que, por outra banda, é o habitual cando algún dos traballadores da compañía acude a un evento. Segundo a CRTVG, dito aproveitamento dos recursos da compañía sería ilexítimo, xa que os medios públicos só se poden usar se se actúa en representación da entidade, para o que fai falla un recoñecemento expreso.

Porén, non ten moito sentido requirir un recoñecemento expreso de ningún tipo cando non se responde ás comunicacións dos traballadores. Beatriz Moyano notificou á Dirección de Proxección Social da CRTVG que ía participar na gala, cumprindo co protocolo interno, pero a empresa non lle contestou. A





Corporación preferiu agardar en silencio para, con posterioridade, atacala e mandar unha mensaxe a todos aqueles traballadores e traballadoras que se atreveron a poñer en cuestión a neutralidade informativa do ente público.

Por suposto, a cuestión da maquillaxe é anecdótica. Non é máis que unha torpe escusa para tentar silenciar á disidencia. O que de veras incomodou á CRTVG foi que durante a gala a periodista reivindicou as demandas que os profesionais da Corporación levan meses expresando coas súas protestas. Facer unha proclama semellante diante do presidente da Xunta foi considerado unha ofensa inadmisíble.

Esa é a verdadeira razón pola que, a semana despois da gala, a presentadora foi chamada pola Dirección de Recursos Humanos da CRTVG. A dirección da canle tentou cuestionar a compatibilidade da súa participación no evento solidario coa súa labor no medio público. Cando non puido demostrar que existira incompatibilidade ningunha, decidiu aferrarse á falta da maquillaxe.

A CRTVG tivo a oportunidade de facer ben as cousas, respondendo á mensaxe enviada por Moyano na que informaba da súa participación na gala. En vez diso, preferiu calar e tenderlle unha emboscada. É inadmisíble que un comportamento semellante se dea no seo dunha empresa pública.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que a CRTVG non respondeu á mensaxe enviada por Beatriz Moyano na que solicitou un día libre de asuntos propios e notificou a súa asistencia á gala?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/08/2018 10:28  
Nº Rexistro: 34633  
Data envío: 17/08/2018 10:28:09.217



- A CRTVG non considera que a presenza dunha profesional da canle pública nun evento solidario é positiva para a corporación?
- En cantas ocasións se apercebiu a alguén por un uso indebido do servizo de maquillaxe?
- Esta é a primeira vez que se apercebe a alguén por usar o servizo de maquillaxe para acudir a unha gala?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/08/2018 10:27:13**

**Paula Vázquez Verao na data 17/08/2018 10:27:19**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.5      34157(10/POC-005425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o tratamento da información da CRTVG respecto dos  
acontecementos ocorridos o día 31 de xullo de 2018 na praza  
do Toural

*Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento do Parlamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

O 31 de xullo de 2018, a TVG desprazou á Praza do Toural a un equipo para cubrir a presenza de persoas que provoca altercados no lugar.

A nova foi emitida no Galicia Noticias do 31 de xullo, dando conta da “conflitividade” do grupo de “indixentes”, indicando que se produce un “verdadeiro espectáculo”.

A nova durou 2:15”, con entrevista a comerciante e imaxes da zona.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta á Comisión da CRTVG:

1. Ten a CRTVG algún protocolo específico e código de autorregulación para o tratamento dos temas vinculados á pobreza?
2. Ten a CRTVG algún protocolo específico para evitar comunicar estereotipos sobre as persoas en risco de pobreza e exclusión social?
3. Canto tempo estivo desprazado o equipo enviado á Praza do Toural o 31 de xullo para tomar imaxes e declaracións sobre as persoas que provocan alternados en dito lugar?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/08/2018 13:28  
Nº Rexistro: 34157  
Data envío: 01/08/2018 13:28:33.763



4. Buscábase obter algunha imaxe sensacionalista da Praza do Toural para emitir na TVG?

5. Comprobase á hora de comunicar se se trata de persoas sen fogar?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 01/08/2018 13:24:30**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6      35910(10/POC-005722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da dirección da Corporación Radio e  
Televisión de Galicia para decidir a supresión do programa  
"Parlamento" da grella da TVG

*Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/09/2018 18:16**  
**Nº Rexistro: 35910**  
Data envío: 04/09/2018 18:16:33.627

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a decisión de suprimir da grella da TVG o programa Parlamento.

A dirección da CRTVG decidiu suprimir da grella da Televisión de Galiza o programa Parlamento, un espazo de media hora dedicado á información parlamentar que se emitía os domingos á mañá e que fai parte da misión de servizo público da TVG.

Por esta razón fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

Por que razón decidiu a dirección da CRTVG suprimir o programa Parlamento?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/09/2018 18:16**  
**Nº Rexistro: 35910**  
Data envío: 04/09/2018 18:16:33.627

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2018 18:16:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2018 18:16:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2018 18:16:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2018 18:16:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2018 18:16:16**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2018 18:16:18**



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 28.09.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.7        35940(10/POC-005730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da inclusión exclusivamente do presidente da  
Fundación Francisco Franco na programación inicial de  
entrevistas do programa da Televisión de Galicia "Bos días"  
do 30 de agosto de 2018, no que se ía tratar o asunto da  
exhumación dos restos do ditador

*Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018*



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

Logo da aprobación por parte do Goberno do Estado o venres 24 de agosto de 2018 dun Real decreto lei para a exhumación dos restos do ditador Francisco Franco do Val dos Caídos e a posterior polémica sobre este asunto, a CRTVG decidiu tratar este asunto no programa *Bos días* o día 30 de agosto.

Para asombro de propios e estraños, na programación inicial de entrevistas dese día figuraba exclusivamente unha ao señor Juan Chicharro na súa calidade de presidente da Fundación Francisco Franco, que tería lugar ás 10:05 horas.

Ante a onda de queixas desatada por este inasumible feito, fíxose unha corrección na planificación, que quedou completada cunha entrevista ese mesmo día e no mesmo programa ao señor Xosé Manoel Núñez Seixas, catedrático de Historia Contemporánea da USC e presidente da comisión do Pazo de Meirás.

Toda esta situación prodúcese nun contexto no que o Parlamento de Galicia se ten manifestado de xeito contundente ao aprobar por unanimidade unha Proposición non de lei na que se insta o Goberno para iniciar un proceso civil para a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público; aínda que se trata de asuntos distintos, resulta evidente a existencia dunha sensibilidade moi importante cara a todo o relacionado coa figura do ditador, máxime cando se barallaba como posible destino dos restos algún lugar desta comunidade autónoma.

O feito de que a TVG tivese previsto entrevistar exclusivamente ao presidente dunha fundación claramente contraria á exhumación, pon de manifesto unha lamentable falla de sintonía coa sociedade galega, feito que merece unha extensa explicación.

Polas razóns expostas, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/09/2018 16:39  
Nº Rexistro: 35940  
Data envío: 05/09/2018 16:39:45.067



---

**Grupo Parlamentario**

1ª) Que explicación ten o feito de que nunha primeira programación das entrevistas do programa *Bos días* do 30 de agosto de 2018 figurase exclusivamente o señor Juan Chicharro?

2ª) Considera que ese feito se corresponde coa tan publicitada pluralidade e neutralidade da CRTVG?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/09/2018 16:36:41**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/09/2018 16:36:48**